



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Asunto: Información pública previa e audiencia aos afectados sobre o proxecto de ordenanza municipal reguladora de acceso e uso das vivendas de emerxencia social do Concello de Val do Dubra

Expediente: 2026/G013/000001

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e co obxecto de dar audiencia aos potenciais cidadáns afectados, así como recoller cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas, entidades ou organizacións, debe realizarse un período de **información pública**, a través do portal web do Concello.

No cumprimento do anterior, e segundo o disposto na Orde PRE/1590/2016, do 3 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30.09.2016, polo que se ditan instrucións para habilitar a participación pública no proceso de elaboración normativa a través dos portais web, ábrese un período de información pública:

Prazo e lugar para facer chegar as achegas adicionais	Prazo: Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas achegas, durante 10 días hábiles , a contar dende a publicación deste anuncio. Lugar: 1) a través da sede electrónica , cubrindo unha instancia xeral onde comunique o que considere relevante para ter en conta; 2) presencialmente, no caso de persoas físicas, nas Oficinas Xerais, no seu horario de apertura.
Obxecto do período de información pública e audiencia	Este trámite de audiencia e información pública ten por obxecto recoller a opinión dos cidadáns titulares de dereitos e intereses lexítimos afectados por este proxecto normativo, directamente ou a través das organizacións ou asociacións que os representen, así como obter cantas achegas adicionais poidan realizar outras persoas ou entidades.

O proxecto de regulamento achégase como un documento independente no expediente administrativo e será igualmente obxecto de publicación.

Val do Dubra, asinado dixitalmente

O alcalde
Diego Luís Díaz Méndez